PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DE

LINGUAXE

MUSICAL

I. OBXECTIVOS DA LINGUAXE MUSICAL NO GRAO ELEMENTAL

— Adquirir os coñecementos esenciais adecuados ao nivel educativo que lle permita ao alumnado enriquecer a súa relación coa música.

— Desenvolver os recursos da voz como vehículo de expresión musical e de satisfacción inmediata, proporcionando as capacidades necesarias para a comprensión dos elementos constitutivos da linguaxe musical.

— Acceder aos códigos rítmicos que require cada nivel da linguaxe musical. Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia.

— Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (melódico, rítmico, formal, etc.).

— Educar a memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo.

— Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da linguaxe musical.

— Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.

II. OBXECTIVOS DA LINGUAXE MUSICAL NO GRAO PROFESIONAL

As ensinanzas do linguaxe musical no grao profesional terán coma obxectivos contribuir a desenrolar nos alumnos as seguintes capacidades:

— Compartir vivencias musicais cos demais elementos do grupo que lle permitan enriquecer a súa relación afectiva coa música a través do canto e da participación instrumental en grupo.

— Coñecer os elementos da linguaxe musical e a súa evolución histórica, para relacionalos coas obras musicais dentro do seu tempo e circunstancia. Interpretar correctamente os símbolos gráficos e coñecer os que son propios da linguaxe musical contemporánea.

— Usar a disociación motriz e auditiva precisas para executar e escoitar con independencia os desenrolos rítmicos e melódicos simultáneos.

— Recoñecer e representar gráficamente obras, anacos musicais a unha ou dúas voces realizadas con instrumentos diferentes.

— Recoñecer a través da audición e da lectura estructuras harmónicas básicas.

— Utilizar os coñecementos sobre a linguaxe musical para afianzar e desenrolar hábitos de estudo que propicien unha interpretación consciente.

— Coñecer os elementos da linguaxe musical relativos ao «jazz» e á música moderna.

III. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA LINGUAXE MUSICAL DO GRAO ELEMENTAL

A. CURSO PRIMEIRO DE LINGUAXE MUSICAL.

— Asimilación consciente do pulso e do acento.

— Lectura fluída, comprensiva e crítica.

— Escritura correcta.

— Adquirir unha correcta emisión da voz.

— Abarcar os contidos mínimos esixidos nesta programación.

B. CURSO SEGUNDO DE LINGUAXE MUSICAL.

— Lectura fluída, comprensiva y crítica.

— Escritura correcta.

— Adquirir unha correcta emisión da voz.

— Abarcar os contidos mínimos exigidos nesta programación.

— Desenrollo da audición.

— Desenrollo da expresión.

— Abordar a Teoría Musical coma un feito de formación específica do alumno, traballado de xeito práctico e coma contido propio da linguaxe musical.

C. CURSO TERCEIRO DE LINGUAXE MUSICAL

— Lectura fluida, comprensiva e crítica.

— Escritura correcta.

— Abarcar os contidos mínimos esixidos nesta programación.

— Desenrolo da audición.

— Desenrolo da expresión.

— Abordar a teoría musical coma un feito de formación específica do alumno, traballada de maneira práctica e como contido propio do linguaxe musical.

— Canalización e desenrolo da creatividade.

— Desenrolar no alumno o concepto do “todo musical”.

C. CURSO CUARTO DE LINGUAXE MUSICAL.

— Lectura fluída, comprensiva e crítica.

— Escritura correcta.

— Abarcar os contidos mínimos esixidos nesta programación.

— Globalización dos desenrolos creativos, auditivos e expresivos.

— Adquisición da linguaxe musical e da súa teoría coma unha forma de comunicación.

IV. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO LINGUAXE MUSICAL NO GRAO PROFESIONAL.

A. CURSO PRIMEIRO DE LINGUAXE MUSICAL.

— Lectura fluída, comprensiva e crítica.

— Escritura correcta a dúas ou máis voces.

— Abarcar os contidos mínimos esixidos nesta programación.

— Comprensión auditiva dos distintos estilos musicais.

— Adquisición dos principios básicos que rixen a harmonía.

— Desenrolo de temas fundamentais da teoría musical.

— Interpretación global de todo o expresado nunha partitura musical.

B. CURSO SEGUNDO DE LINGUAXE MUSICAL.

— Lectura fluída, comprensiva e crítica.

— Coñecemento das grafías contemporáneas.

— Escritura correcta a dúas ou máis voces.

— Abarcar os contidos mínimos esixidos nesta programación.

— Comprensión auditiva dos distintos estilos musicais.

— Adquisición dos principios básicos que rixen a harmonía.

— Desenrolo de temas fundamentais da teoría musical.

V. CONTIDOS DA LINGUAXE MUSICAL NO GRAO ELEMENTAL

A. FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ.

— Respiración, relaxación e afinación.

— A altura: ton, intensidade, cor, duración, etc.

— Sensibilización e práctica vogal dos movementos melódicos tonais.

— Sensibilización e práctica vogal dos movementos melódicos interválicos.

— Interpretación vocal das obras didácticas adecuadas ao nivel con acompañamento pianístico.

— Interpretación vocal de obras didácticas adecuadas ao nivel “a capella”.

— Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión.

— Improvisación vogal adecuada ao nivel do coñecemento musical do alumnado, con proposta previa.

B. FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO.

— Percepción, identificación e interiorización do pulso.

— Percepción e identificación do acento.

— Fórmulas rítmicas básicas.

— Práctica e interiorización do silencio.

— Recoñecemento de unidades métricas binarias, ternarias e cuaternarias.

— Coñecemento, identificación e práctica de:

✓ Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario.

✓ Signos musicais que modifican a duración.

✓ Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso ternario.

✓ Grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario.

✓ Grupos rítmicos binarios contidos nun pulso ternario.

✓ Equivalencias que impliquen pulso=pulso e fracción= fracción.

— Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ó nivel.

— Práctica da lectura articulada. Práctica de lectura de notas horizontalmente e verticalmente en clave de sol en segunda e fa en cuarta.

— Utilización das claves necesarias para a práctica instrumental.

— Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agóxica e da dinámica na música.

— Improvisación rítmica adecuada ao nivel de coñecemento musical do alumnado, con proposta previa.

C. AUDICIÓN.

— Audición e reprodución escrita de movementos melódicos e rítmicos adaptados a cada nivel de coñecemento.

— Sensibilización do feito tonal e modal.

— Identificación auditiva das formas básicas e de composicións escritas en diferentes épocas.

VI. CONTIDOS DA LINGUAXE MUSICAL NO GRAO PROFESIONAL.

A. RÍTMICOS.

— Práctica, identificación e coñecemento de compases orixinados por dous ou máis pulsos desiguais.

— Coñecemento e práctica de metros irregulares con estructuras fixas e variables. Polirritmias e polimetrías.

— Recoñecemento e práctica de grupos de valoración especial con duracións e posicións métricas varias.

— Práctica de ritmos simultáneos que supoñen división distintas da unidade.

— Práctica de estructuras rítmicas atípicas en compases convencionais. Ritmos «aksak», «coxos» ou de valor engadido.

— Práctica da música sin compasear.

— Recoñecemento e práctica de ritmos que caracterizan a música do «jazz», «pop», etc. Práctica de cambios de compás con unidades iguais ou diferentes e aplicación das equivalencias indicadas.

— Desenrolo dos hábitos interpretativos a partir do coñecemento e análise dos elementos rítmicos.

— Improvisación sobre esquemas rítmicos establecidos ou libres.

B. MELÓDICO-ARMÓNICOS.

— Práctica auditiva e vogal de estructuras tonais enriquecidas por flexións ou modulacións con recoñecemento analítico do proceso.

— Práctica auditiva e vogal de obras modais nas súas diversas manifestacións históricas e folklóricas.

— Práctica de interválica pura (non tonal) e aplicación a obras post-tonais ou atonais. Recoñecemento auditivo e análise de estructuras tonais e formais non complexas.

— Improvisación sobre esquemas harmónicos e formales establecidos ou libres. Aplicación vogal ou escrita de baixos harmónicos a obras propostas de dificultade adaptada ó nivel.

— Desenrolo de hábitos interpretativos a partir do coñecemento e análise dos elementos melódicos-harmónicos.

C. LECTO-ESCRITURA.

— Práctica de lectura horizontal de notas cos ritmos escritos e indicacións metronómicas diversas.

— Lectura de agrupaciones verticais de notas.

— Coñecemento e práctica das normas de escritura melódica e harmónica.

— Práctica de lectura de notas, sin clave, aténdose ó debuxo interválico. Práctica de identificación e escritura de notas no seu rexistro correcto.

— Coñecemento do ámbito sonoro das claves. Iniciación ás grafías contemporáneas. Práctica da lectura a primeira vista.

D. AUDICIÓN.

— Práctica de identificación de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadenciais, formais, tímbricos e estilísticos nas obras escoitadas.

— Identificación de erros ou diferencias entre un anaco escrito e outro escoitado.

— Práctica da memoria: memorización previa á escritura de frases ou anacos progresivamente máis amplos.

— Escritura de temas coñecidos e memorización en diferentes alturas e tonalidades.

— Realización escrita de dictados a unha e dúas voces. Identificación de acordes.

— Audición de obras ou anacos nos que se recoñezan os elementos estudiados.

— Expresión e ornamentación. Coñecemento e aplicación de signos y térmos relativos á dinámica e á agóxica.

— Coñecemento e aplicación dos signos que modifican o ataque dos sons.

— Coñecemento dos signos característicos na escritura dos instrumentos.

— Coñecemento e aplicación de ornamentos adecuados á época da obra interpretada.

VII. CONTIDOS POR CURSO

A. CURSO PRIMEIRO

a) Contidos rítmicos:

— Percepción, identificación e interiorización do pulso e do acento.

— Compases de 2/4, 3/4, 4/4.

— Figuras de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea.

— Silencios de redonda, branca, negra e corchea.

— Fórmulas rítmicas en compases de subdivisión binaria

— Práctica, identificación e coñecemento de feitos rítmicos característicos: anacrusa, síncopa e nota a contratempo.

— Práctica, identificación e coñecemento de signos que modifican a duración: puntillo, ligadura e calderón.

— Equivalencia tempo=tempo.

— Lectura de notas: Clave de sol en 2ª, Fa en 4ª

b) Contidos de entonación, audición e expresión:

— Escalas de Do M, la m e arpexio de tónica.

— Ámbito de Si3 a Re5.

— Correcta emisión da voz. Coma de respiración.

— Entonación de anacos "a capella", sen compás e de pequenas obras con acompañamento pianístico.

— Distinción auditiva de grave-agudo, modo Maior-menor, forte-débil, ritmo binario-ternario.

— Tempo: Lento, Adagio, Andante, Moderato, Allegro.

— Ligadura de expresión. Repouso, cadenza e frase.

— Dinámica: pp, p, mp, mf, f, ff, cresc., dim., reguladores. Agóxica: rit., rall., accell.

— Utilización improvisada dos elementos do linguaxe musical con ou sen proposta previa.

c) Contidos de teoría e análise:

— Figuras e silencios.

— Signos de prolongación.

— Pentagrama e liñas adicionais.

— Compás e liñas divisorias.

— Alteracións.

— Claves.

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

Libro de texto **Andante n. 1. Vicente Roncero. Es. Piles.**

1ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 1 A 4.

UNIDADE 1:

RÍTMICO-MÉTRICO: Pulso, figura a negra, o silencio de negra e dúas corcheas. O compás de 2/4.

ENTONACIÓN: Sons Do Mi e Sol.

AUDICIÓN: Pulso regular cos sons Do Mi Sol.

TEORÍA MUSICAL: Concepto de pulso, pentagrama, clave de ritmo, clave de sol, figura: a negra, o silencio de negra, dúas corcheas, a anacrusa. As líneas divisorias. O compás de 2/4.

UNIDADE 2:

RÍTMICO-MÉTRICO: Compás de 3/4, línea e dobre barra do final. Silencio de compás. A blanca. Silencio de blanca e de redonda.

ENTONACIÓN: Notas dos acordes de tónica e Dominante de Do M.

AUDICIÓN: Acorde de tónica e dominante.

TEORÍA MUSICAL: A barra de repetición. Indicación de matices forte, piano e mezzoforte.

dobre barra do final, línea divisoria, liñas adicionais. O vals e o minueto. O silencio de compás. Acorde de tónica e dominante.

UNIDADE 3:

RÍTMICO-MÉTRICO: Compás de 4/4.

ENTONACIÓN: Notas dos acordes de tónica e Dominante de Do M. Notas de paso no ámbito de 8ª.

AUDICIÓN: Notas dos acordes de tónica e Dominante de Do M. Notas de paso no ámbito de 8ª.

TEORÍA MUSICAL: Matices dinámicos, casillas de 1ª e 2ª, notas de paso, escala de Do Mayor. Frase e semifrase.

UNIDADE 4:

RÍTMICO-MÉTRICO: Notas con liñas adicionáis. Articulación.

ENTONACIÓN: Floreo.

AUDICIÓN: Notas dos acordes de tónica e Dominante de Do M. Notas de paso.

TEORÍA MUSICAL: Articulación. Floreo. Instrumentos antigos.

2ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 5 a 8.

UNIDADE 5:

RÍTMICO-MÉTRICO: 4 semicorcheas. Clave de fa. Signos de repetición (coda, d.c. al coda, d.c. al fine, fine).

ENTONACIÓN: Todas as anteriores. Apoiatura.

AUDICIÓN: Todas as anteriores.

TEORÍA MUSICAL: clave de fa, suite barroca, adaptación de motivos.

UNIDADE 6:

RÍTMICO-MÉTRICO: corchea+dúas semicorcheas. Clave de Fa de Do a Sol.

ENTONACIÓN: Todas as anteriores.

AUDICIÓN: Todas as anteriores.

TEORÍA MUSICAL: Acorde de subdominante.Angrauta traversa. Adaptación de motivos Tónica a Dominante e Dominante a Tónica.

UNIDADE 7:

RÍTMICO-MÉTRICO: Silencio de corchea, corchea solta en todas as súas combinacións, escala completa en clave de Fa.

ENTONACIÓN: Todas as anteriores.

AUDICIÓN: Todas as anteriores.

TEORÍA: enlace Tónica, dominante e subdominante.

UNIDADE 8:

RÍTMICO-MÉTRICO: dúas semicorcheas seguidas de corchea, negra con puntiño seguida de corchea.

ENTONACIÓN: Todas as anteriores.

AUDICIÓN: Todas as anteriores.

TEORÍA MUSICAL: A sinfonía.

3ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 9 e 10 E REPASO DE TODO O CURSO.

UNIDADE 9:

RÍTMICO-MÉTRICO: Todos os anteriores.

ENTONACIÓN: toda a escala. La menor.

AUDICIÓN: A escala. La menor.

TEORÍA MUSICAL: La menor. Peer gynt.

UNIDADE 10:

RÍTMICO-MÉTRICO: O 6/8. Combinación das súas figuras básicas.

ENTONACIÓN: Do M e La m.

AUDICIÓN: A escala. Do M e La m.

TEORÍA MUSICAL: O compás de 6/8.

COMPLEMENTO DE ACTIVIDADES DE TEORÍA E A SÚA PRÁCTICA:

Como reforzo e afianzamento no eido da teoría musical e os contidos dela mencionados en cada avaliación farase uso de exercicios e actividades propostas e debidamente secuenciadas polos profesores de Linguaxe Musical do Conservatorio.

TEMPORALIZACIÓN DO LIBRO TEÓRICO-PRÁCTICO :

- 1ª Avaliación:

-40 % das Unidades Didácticas e os seus exercizos. Unidades 1 a 8.

- 2ª Avaliación:

-40 % seguinte á Unidade acabada na primeira Avaliación. Unidades 9 a 16.

-3ª Avaliación:

-20 % restante ata o final do libro, é dicir, deixaríamos un 20 % de marxe na derradeira Avaliación para facer o repaso de todos os contidos traballados durante o curso. Unidades 17 a 21.

B. CURSO SEGUNDO

Os contidos do curso 1º, e ademáis:

a) Contidos rítmicos:

— Compases de 2/8, 3/8 4/8, 3/8, 6/8, 9/8, 12/8 a pulso de tempo e de compás.

— Fórmulas rítmicas en compases de subdivisión binaria.

— Fórmulas rítmicas en compases de subdivisión ternaria.

b) Lectura de notas.

— Clave de Sol en 2ª, Fa en 4ª e Do en 3ª.

c) Contidos de entonación, audición e expresión:

— Tonalidades de ata unha alteración na armadura.

— Alteración accidental do VII do modo menor.

— Cromatismos e floreos.

— Intervalos xustos, 3M e 3m.

— Entonación de anacos con e sen acompañamento pianístico.

— Utilización improvisada dos elementos do linguaxe musical con ou sen proposta previa.

d) Contidos de teoría e análise:

— Alteracións propias e accidentais. Alteracións dobres. Semiton diatónico e cromático.

— Graos da escala.

— Intervalos xustos, maiores e menores. Unísono.

— Sons enharmónicos.

— Teoría do cifrado dos compases.

— Signos de repetición: D.C., 1ª y 2ª vez, chamada, dobre barra de repetición.

— Serie de quintas.

— Colocación de ligaduras de expresión en anacos melódicos sinxelos con senso cadencial.

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

Libro de texto **Andante**, segundo curso de Grao Elemental de Vicente Roncero, ed. Piles.

1ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 1 A 5.

UNIDADE 1:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Repaso do compás 2/4. Fórmulas rítmicas resultado deste compás.

ENTONACIÓN: Escala de DO M.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de DOM.

TEORÍA MUSICAL: Escala de DO M. Primeiras anotacións sobre a tonalidade. Signos de repetición, ampliación. A dobre barra.

UNIDADE 2:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Repaso do compás de 3/4. Fórmulas rítmicas resultado deste compás.

ENTONACIÓN: Sons RE e SI .

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da Escala de DO M máis os sons novos do apartado de entonación, re e si.

TEORÍA MUSICAL: Presentación dos sons RE e SI . Intervalos: ascendentes, descendentes, conxuntos, disxuntos. O unísono. Ligadura de expresión. Metrónomo.

Coñecemento das claves fa en 4ª e do en 3ª.

UNIDADE 3:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Repaso do compás 2/4. Fórmulas rítmicas resultado deste compás.

ENTONACIÓN: O becuadro, o sostido e o bemol.

AUDICIÓN: SOL #, SOL , e LA ♭.

TEORÍA MUSICAL: As alteracións. Normas xerais para a correcta interpretación das alteracións. Alteracións de precaución. O semitono cromático. Matices que afectan á velocidade (agóxicos). Ritardando.

UNIDADE 4:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Son LA . Escala de La m. FA#, SOL#.

AUDICIÓN: Escala de La m. FA#, SOL#.

TEORÍA MUSICAL: Presentaciópn do son LA . Escala de La m. Tonalidade de La m. alteracións da escala de La m. primeiras nocións da modalidade. Matices agóxicos relativos ó Tempo, ampliación.

UNIDADE 5:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Sons MI e FA . Escala de La m. FA#, SOL#.

AUDICIÓN: Escala de La m. MI , FA , FA#, SOL#.

TEORÍA MUSICAL: Presentación dos sons MI e FA . Matices dinámicos, ampliación. Signos de repetición, ampliación.

2ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 6 A 9.

UNIDADE 6:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escalas de DO M, e La m. FA#, SOL#.

AUDICIÓN: Escalas de DO M, e La m. FA#, SOL#.

TEORÍA MUSICAL: Intervalos maiores, menores e xustos. Semitono diatónico. Análisis das diferenzas entre as escalas de DO M, e La m. Situación dos tons e semitonos. Escalas modelo de novas tonalidades.

UNIDADE 7:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 6/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escalas de SOL M. FA#. Intervalos de 4ª e 5ª xusta.

AUDICIÓN: Escalas de SOL M. Tonalidade de SOL M. FA#.

TEORÍA MUSICAL: Escalas de SOL M. Tonalidade de SOL M. FA#. Compás de 6/8. Acento do compás: tempo forte e tempo débil no 6/8.

UNIDADE 8:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4. Grupos de valoración especial. O tresillo de corcheas. Fórmulas rítmicas resultado deste compás.

ENTONACIÓN: Escalas de La m. FA#, SOL#, FA e SOL . . Intervalos de 6ª maior e menor.

AUDICIÓN: Escalas de La m. FA#, SOL#, FA e SOL . . Intervalos de 6ª maior e menor.

TEORÍA MUSICAL: Grupos de valoración especial. O tresillo de corcheas. Clave de Fa en 4ª liña. Numeración dos sons e graos da escala. Intervalos de 6ª maior e menor. Matices agóxicos: *a tempo*.

UNIDADE 9:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 6/8. Fórmulas rítmicas resultado deste compás.

ENTONACIÓN: Escalas de Mi m. RE#, FA#. Entonación a dúas voces.

AUDICIÓN: Escalas de Mi m. RE#, FA#.

TEORÍA MUSICAL: Escalas de Mi m. RE#, FA#, DO #, RE e DO . Ampliación da teoría relativa ó compás. Compás simple ou binario, compás composto ou ternario. Porqué se lle chaman compases simples e compostos. Numerador e denominador nos compases simples e compostos. Matices agóxicos: *Adagietto, Allegretto.*

3ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 10 A 12 E REPASO DE TODO O CURSO.

UNIDADE 10:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Métrica nomeada da unidade.

ENTONACIÓN: Escala de Fa M. SIط

ط AUDICIÓN: Escala de Fa M. SI

TEORÍA MUSICAL: Escala de Fa M. Tonalidade de Fa M. Alteracións propias e accidentais. Armadura. ¿Que é un Canon?. SIط

UNIDADE 11:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 9/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de La m. FA# e SOL #.

AUDICIÓN: Escala de La m. FA# e SOL #.

TEORÍA MUSICAL: Compás de 9/8. Acento do compás: tempo forte e débil no 9/8. Nome dos graos da Escala. Terceiro grao ou mediante como Grao Modal.

UNIDADE 12:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 12/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de Re m. DO #, SI , SI ط

ط AUDICIÓN: Escala de Re m. DO #, SI , SI

TEORÍA MUSICAL: Compás de 12/8. Acento do compás: tempo forte e débil no 12/8. Tonalidades Relativas.

ط Intervalos 7ªM e 7ªm. Escala de Re m. DO #, SI , SI

COMPLEMENTO DE ACTIVIDADES DE TEORÍA E A SÚA PRÁCTICA:

Como reforzo e afianzamento no eido da teoría musical e os contidos dela mencionados en cada avaliación farase uso de exercicios e actividades propostas e debidamente secuenciadas polos profesores de Linguaxe Musical do conservatorio.

TEMPORALIZACIÓN DO LIBRO TEÓRICO-PRÁCTICO :

- 1ª Avaliación:

-40 % das Unidades Didácticas e os seus exercizos. Unidades 1 a 6.

- 2ª Avaliación:

-40 % seguinte á Unidade acabada na primeira Avaliación. Unidades 7 a 12.

-3ª Avaliación:

-20 % restante ata o final do libro, é dicir, deixaríamos un 20 % de marxe na derradeira Avaliación para facer o repaso de todos os contidos traballados durante o curso. Unidades 13 a 16.

C. CURSO TERCEIRO

Os contidos incluidos nos cursos anteriores, e ademáis:

a) Contidos rítmicos:

— Compases de 2/2, 3/2 e 4/2, con formulaciones rítmicas ata a corchea. Fórmulas rítmicas en ditos compases.

— Silencio de semicorchea en cualquera posición en 6/8, 9/8 y 12/8, e as súas fórmulas rítmicas.

— Equivalencia de tempo=tempo.

— Introducción ás articulacións rítmicas: ligadura, acento, e picado ata a corchea.

b) Lectura de notas

— clave de Sol en 2ª, Fa en 4ª, Do en 3ª e Do en 4ª.

c) Contidos de entonación, audición e expresión:

— Escalas con ata dúas alteracións propias, con alteración de 6º y 7º grados do modo menor.

— Cromatismos e floreos. Alteracións accidentais que se resolven por semiton e non producen ningún intervalo aumentado ou diminuído.

— Entonación de intervalos xustos e 2ªM, 2ªm, 3ªM e 3ªm.

— Audición de acordes perfectos Maiores e menores, escalas Maiores e menores (natural, harmónica e melódica), intervalos xustos, 2ªM, 2ªm, 3ªM e 3ªm.

— Interpretación dos conceptos expresivos dunha obra.

— Térmos agóxicos e dinámicos, tempo e carácter.

— Utilización improvisada dos elementos do linguaxe musical con ou sen proposta previa.

— Alteración do VII grao do modo menor.

— Alteracións accidentais nos floreos de semiton.

— Compases de 2/4, 3/4 e 4/4, coas súas fórmulas rítmicas.

— Compases de 6/8, 9/8 e 12/8, coas súas fórmulas rítmicas. As semicorcheas sempre por graos conxuntos ou notas repetidas de dúas en dúas.

— Intervalos harmónicos: xustos, 2ªM, 2ªm, 3ªM e 3ªm.

d) Contidos de teoría e análise:

— Tonalidades, armadura.

— Intervalos xustos, maiores, menores, aumentados ey diminuídos.

— Tipos de escala menor.

— Graos tonais e modais dunha escala.

— Fraseo: A-B, A-B-A, A-B-C

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

Libro de texto **Andante**, curso terceiro de Grao Elemental de Vicente Roncero, ed. Piles.

1ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 1 A 5.

UNIDADE 1:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 12/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de DO M. Intervalo de 2ª m. Semitono cromático.

AUDICIÓN: Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos de 2ªm.

TEORÍA MUSICAL: Articulación: *ligado, picado, subrayado, acento*. Novo matiz agóxico: *Come Prima*. Clave de percusión. Sons indeterminados.

UNIDADE 2:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 4/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás. Silencio de semicorchea. Figura de nota *Fusa* e o seu silencio.

ENTONACIÓN: Escala de REM. Intervalo de 2ª M.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de REM. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos: 2ªM e 2ªm.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de REM. Compás de 4/8. Equivalencias. Cambios na armadura. Figura de nota, *Fusa*. Silencios de semicorchea e fusa.

UNIDADE 3:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de Sim. Intervalos de 2ª M e 2ª m.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de Sim. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos 2ªM e 2ªm.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Sim, tonalidade relativa de REM. Compás de 3/8. Grupos de valoración especial: *Tresillo de semicorcheas*. Notas de adorno: *Mordentes*.

UNIDADE 4:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 6/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de SOLM. Intervalos de 3ª M.

AUDICIÓN: Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos 2ªM, 2ªm e 3ªM.

TEORÍA MUSICAL: Intervalos simples e compostos. Clasificación. Inversión de intervalos. Orden dos sostenidos e bemoles das armaduras. Modo de achar a armadura dunha tonalidade.

UNIDADE 5:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 9/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de Lam. Intervalos de 3ª m, 2ª A.

AUDICIÓN: Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos 2ªM, 2ªm e 3ªM e 3ªm.

TEORÍA MUSICAL: Intervalos aumentados e disminuidos. Tipos de escalas menores: *melódica, armónica, natural*. Enharmonía.

2ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 6 A 9.

UNIDADE 6:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás. *Seisillo*nos seus distintos tipos.

ENTONACIÓN: Escala de SI♭M. Intervalos de 4ªX.

M. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos de 2ªM, 2ªm, ♭AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de SI .3ªM, 3ªm, 4ªX e 5ªX

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de SI♭M. Grupos de valoración especial: *seisillos*. Intervalo melódico e harmónico. Primeiros apuntes sobre o acorde.

UNIDADE 7:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás. Silencio de semicorchea.

ENTONACIÓN: Escala de Solm. Intervalos de 5ªX.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de Solm. Exercicio de intervalos de 2ªM, 2ªm, 3ªM, 3ªm, 4ªX e 5ªX.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Solm. Tonalidade relativa de SI♭M. ¿Que é un tema? ¿Ten forma a música? *Canción, canon, estudo e tema con variacións*.

UNIDADE 8:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de LAM. Intervalos de 4ªX e 5ªX.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de LAM. Exercicio de intervalos de 2ªM, 2ªm, 3ªM, 3ªm, 4ªX e 5ªX.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de LAM. Grupos de valoración especial. *Tresillo de negras* no compás de 2/4. Ampliación de matices dinámicos e agóxicos. Acentuación.

UNIDADE 9:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Grupos de valoración especial: *dosillo e cuatrillo*. Compás de 2/4 e 6/8. Fórmulas rítmicas resultado deses compases.

ENTONACIÓN: Escala de Fa#m. Intervalos de 6ªM e 6ªm.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de Fa#m. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos de 2ªM, 2ªm, 3ªM, 3ªm, 4ªX, 5ªX, 6ªM e 6ªm.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Fa#m. Tonalidade relativa de LAM. Grupos de valoración especial: *dosillo e cuatrillo*. Tonalidade e modalidade, ampliación. Graos tonales e modales.

3ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 10 A 12 E REPASO DE TODO O CURSO.

UNIDADE 10:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/2. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de MI♭M. Intervalos de 7ªm.

M. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos de 2ªM, 2ªm, ♭AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de MI .3ªM, 3ªm, 4ªX, 5ªX, 6ªM, 6ªm e 7ªm. Exercicio de intervalos harmónicos: 4ªX e 5ª X

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de MI♭M. Compás de 2/2. Ampliación de notas de adorno: *apoiatura e grupeto*. Expresión dinámica e agóxica. Clave de DO en 1ª liña.

UNIDADE 11:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 12/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de Dom. Intervalos de 7ªM.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de Dom. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos de 2ªM, 2ªm, 3ªM, 3ªm, 4ªX, 5ªX, 6ªM, 6ªm, 7ªm e 7ªM. Exercicio de intervalos harmónicos: 3ªM e m, 4ª e 5ª X, 6ªM e m.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Dom. Relativa de MI♭M. Tonalidade. Ampliación: *Tonalidades relativas, tonalidades veciñas, tonalidades homónimas.*

UNIDADE 12:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Cambio de compás. Práctica de equivalencias. Síncopa regular e irregular. Fórmulas rítmicas resultantes destes compases.

ENTONACIÓN: Escala de LAM. Intervalos de 7ªM e m.

AUDICIÓN: Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos de 2ªM e m, 3ªM e m, 4ª e 5ªX, 6ªM e m, 7ªM e m. Exercicio de intervalos harmónicos: 3ªM e m, 4ª e 5ª X, 6ªM e m e 7ªM e m.

TEORÍA MUSICAL: Síncopa regular e irregular. Cambio de tonalidade: a Modulación.

COMPLEMENTO DE ACTIVIDADES DE TEORÍA E A SÚA PRÁCTICA:

Como reforzo e afianzamento no eido da teoría musical e os contidos dela mencionados en cada avaliación farase uso do libro "LA TEORÍA MUSICAL Y SU PRÁCTICA CURSO 3º DE ELEMENTAL" DE MARÍA AGUSTINA PERANDONES MÁNUEL.

EDICIONES TOYS AND DREAMS.

TEMPORALIZACIÓN DO LIBRO TEÓRICO-PRÁCTICO :

- 1ª Avaliación:

-40 % das Unidades Didácticas e os seus exercizos. Unidades 1 a 7.

- 2ª Avaliación:

-40 % seguinte á Unidade acabada na primeira Avaliación. Unidades 8 a 15.

-3ª Avaliación:

-20 % restante ata o final do libro, é dicir, deixaríamos un 20 % de marxe na derradeira Avaliación para facer o repaso de todos os contidos traballados durante o curso. Unidades 16 a 19.

D. CURSO CUARTO

Os contidos dos cursos anteriores, e además:

a) Contidos rítmicos:

— Compases de 6/4, 9/4 e 12/4.

— Compases de 5/8 e 7/8.

— Compases de 2/4, 3/4 e 4/4, articulados ata a corchea.

— Fórmulas rítmicas en compases de unidade de negra: ata dous silencios de semicorchea por pulso en cualquera compás simple.

— Fórmulas rítmicas en compases de unidade de negra con puntillo: ata dous silencios de semicorchea por pulso en cualquera compás composto.

— Ata dous silencios de semicorchea en calquera compás composto.

— Combinacións binarias e ternarias regulares e irregulares dun tempo de duración.

— Equivalencias: tiempo=tiempo e figura=figura

— Articulacións rítmicas: ligadura, acento e picado, aplicados ata a corchea.

b) Claves:

— Sol en 2ª, Fa en 4ª, Do en 3ª ,Do en 4ª, e Do en 1ª.

c) Contidos de entoación, audición e expresión:

— Escalas con ata tres alteracións propias.

— Alteracións accidentais do VI e VII graos do modo menor.

— Cromatismos e floreos.

— 2ª aumentada no modo menor (por alteración do VII grao).

— Alteraciones accidentais que resolven por semiton e non producen ningún intervalo aumentado ou diminuído.

— Intervalos xustos, maiores e menores.

— Interpretación de térmos dinámicos, agóxicos, de tempo e de carácter.

— Utilización dos intervalos traballados durante o curso e ademáis:

— En compases de subdivisión binaria: sempre por graos conxuntos.

— En compases de subdivisión ternaria.

— Silencio de corchea.

— Seis semicorcheas por graos conxuntos con cambios de dirección.

— Alteracións accidentais do VI e VII graos do modo menor, cromatismos e floreos.

— Intervalos armónicos: distinción do grao e a especie de todos os intervalos xustos, maiores e menores comprendidos dentro da oitava xusta.

d) Contidos de teoría e análise:

— Formación de acordes maiores e menores.

— Términos agóxicos e dinámicos.

— Signos de repetición e abreviación.

— Inversión de intervalos.

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

Libro de texto **Andante**, cuarto curso de Grao Elemental de Vicente Roncero, ed. Piles.

1ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 1 A 5.

UNIDADE 1:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/2. Fórmulas rítmicas resultantes dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de DOM. Intervalos de 7ªM e 2ªm.

AUDICIÓN: Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos melódicos e harmónicos de 2ªm e 7ªM.

TEORÍA MUSICAL: Compás de 3/2. Matices. Ampliación de matices agóxicos. Aumentativos e diminutivos.

UNIDADE 2:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. Fórmulas rítmicas resultantes dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de MIM. Intervalos de 7ªm e 2ªM.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de MIM. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos melódicos e harmónicos de 7ªm e 2ªM.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de MIM. Tonalidade, ampliación. Acorde, ampliación. Arpexio.

UNIDADE 3:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 6/4 e 9/4. Fórmulas rítmicas resultantes deses compases.

ENTONACIÓN: Escala de Do#m. Intervalos de 7ªm e M, e 2ªm e M.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de Do#m. Tonalidades coñecidas. Exercicio de interval melódicos e harmónicos de 7ªM e m e 2ª

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Do#m. Tonalidade relativa de MIM. Compás de 6/4 e 9/4. Clave de DO en 3ª liña.

UNIDADE 4:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 4/2 e 2/8. Figura de nota *Cuadrada* e o seu silencio.

ENTONACIÓN: Escala de LA♭M. Intervalos de 3ªM e 6ªm.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de LA♭M. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos melódicos e harmónicos de 3ªM e 6ªm e os demais estudados.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de LA♭M. Nova figura de nota: a *Cuadrada* e o seu silencio. Compás de 4/2 e 2/8. Dobre puntillo.

UNIDADE 5:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. Grupos de valoración especial: o *quintillo*.

ENTONACIÓN: Escala de Fam Intervalos de 3ªm e 6ªM.

AUDICIÓN: Tonalidade de Fam. Tonalidades coñecidas. Exercicio de intervalos melódicos e harmónicos de 3ªm.

e 6ªM e os demais estudados.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Fam, relativa de LA♭M. grupos de valoración especial. Ampliación. O *quintillo*. Notas de adorno. Ampliación. *Trino, Trémolo, Arpexiado, Glissando, Cadenza ou Fermata, Fioritura.*

2ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 6 A 9.

UNIDADE 6:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. *Tresillos irregulares*. Fórmulas rítmicas resultado nese compás.

ENTONACIÓN: Escalas *menor oriental* e *hispano-árabe.* Intervalos de 4ª e 5ªX.

AUDICIÓN: Diferenciar as escalas *menor oriental* e *hispano-árabe*. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 4ª e 5ªX además dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Escalas. Ampliación: Escala *zíngara ou menor oriental* e escala *hispano-árabe*. Grupos de valoración especial: *tresillos irregulares*. Articulación ampliación. *Coma de respiración, Picado-ligado, Subrayado-picado, Filado*.

UNIDADE 7:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 5/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de SIM. Intervalos de 4ª e 5ªX.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de SIM. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 4ª e 5ªX además dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de SIM. Clave de DO en 4ª liña. Compás de 5/8. *Compás asimétrico*. Ritmos característicos deste compás: *Zortziko Diapasón.*

UNIDADE 8:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4. Grupos de valoración especial: *Septillo*. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de Sol#m. Intervalos de 6ªM e 3ªm.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de Sol#m. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 6ªM e 3ªm además dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Dobres alteracións. Tonalidade de Sol#m, tonalidade relativa de SIM. Grupos de valoración especial: *Septillo*. Numeración das oitavas. Indices acústicos.

UNIDADE 9:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 12/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: *Escala Cromática.* Intervalos de 6ªm e 3ªM.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da *Escala Cromática*. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 6ªm e 3ªM además dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Escalas diatónicas e escala cromática. Compás de 12/4. Ritmo binario e ritmo ternario. Ritmo e métrica (Compás).

3ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 10 A 12 E REPASO DE TODO O CURSO.

UNIDADE 10:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 6/8. Grupos de valoración especial. *Dosillo e cuatrillo irregulares*. *Dosillo* en 3 tempos. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala Re♭M. Intervalos de 2ªm e 7ªM.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala Re♭M. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 2ªm e 7ªM además dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Re♭M. Grupos de valoración especial. *Dosillo e cuatrillo irregulares*. *Dosillo* en 3 tempos. *Son* e *ruído*. Cualidades do son: *Timbre, Altura, Intensidade* e *Duración*.

UNIDADE 11:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4 e 6/8. Ritmo característico das *Peteneras*. Fórmulas rítmicas resultado deses compases.
ENTONACIÓN: Escala Si♭m. Intervalos de 2ªM e 7ªm.
AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala Dom. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 2ªM e 7ªm además dos estudados con anterioridade.
TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Si♭m tonalidade relativa de Re♭M. Música popular. *Folclore*. Compás de 3/4 e 6/8. Ritmo característico das *Peteneras*.

UNIDADE 12:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.
ENTONACIÓN: *Escalas Mixtas*. Intervalos estudados.
AUDICIÓN: Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos estudados con anterioridade.
TEORÍA MUSICAL: Escalas. Ampliación: Escala *pentatónica* ou *pentáfona*. *Escalas mixtas*, maiores e menores. A forma musical. Ampliación: forma A-B-A.

COMPLEMENTO DE ACTIVIDADES DE TEORÍA E A SÚA PRÁCTICA:

Como reforzo e afianzamento no eido da teoría musical e os contidos dela mencionados en cada avaliación farase uso do libro "LA TEORÍA MUSICAL Y SU PRÁCTICA CURSO 4º DE ELEMENTAL" DE MARÍA AGUSTINA PERANDONES MÁNUEL.

EDICIONES TOYS AND DREAMS.

TEMPORALIZACIÓN DO LIBRO TEÓRICO-PRÁCTICO :

- 1ª Avaliación:

-40 % das Unidades Didácticas e os seus exercizos. Unidades 1 a 7.

- 2ª Avaliación:

-40 % seguinte á Unidade acabada na primeira Avaliación. Unidades 8 a 15.

-3ª Avaliación:

-20 % restante ata o final do libro, é dicir, deixaríamos un 20 % de marxe na derradeira Avaliación para facer o repaso de todos os contidos traballados durante o curso. Unidades 16 a 19.

VIII. CONTIDOS ESPECÍFICOS POR CURSO DO GRADO PROFESIONAL

A. CURSO PRIMEIRO

Os contidos dos cursos anteriores e además:

a) Contidos rítmicos:

— 2/16, 3/16, 4/16, 6/16, 9/16, 12/16.

— 5/4, 7/4.

— 1/8.

— Uso de calquera tipo de equivalencia.

— Cinquillo regular nun e en dous pulsos.

— Septillo regular nun e en dous pulsos.

— Dobre puntillo.

— Articulación ata a semicorchea en compases de unidade de negra ou negra con puntillo (también en 5/8 e 7/8).

— Articulación ata a corchea en compases de unidade blanca ou blanca con puntillo.

— Grupos regulares de valoración especial: 2 en 3 e 3 en 2.

— Fusas, semifusas e as súas diferentes combinaciones.

— Polirritmia, incluíndo semicorcheas.

— Claves: Sol en 2ª, Fa en 4ª, Do en 3ª ,Do en 4ª, e Do en 1ª, e iniciación a Do en 2ª e Fa en 3ª.

b) Contidos de entonación, audición e expresión:

— Entoación en tonalidades con ata catro alteracións propias.

— Tipos de escalas maiores.

— Todos os intervalos simples, incluidas a 4ª aumentada e a 5ª diminuída.

— Lectura interna, sin verificar a entoación, e reproducción de memoria.

— Utilización improvisada dos elementos da linguaxe musical con ou sen proposta previa.

— Dictado a unha voz: en tonalidades con ata tres alteracións propias, coas súas dificultades rítmicas.

— Dictado a dúas voces: en Do M o la m, incluíndo a alteración da sensible no modo menor.

— Compases simples.

— Compases compostos: sempre por graos conxuntos ou notas repetidas de dúas en dúas.

— Graos conxuntos.

— Saltos de 3ª maior ou menor, cuarta, quinta e oitava xusta.

— Intervalos harmónicos: Recoñecemento auditivo de calquera intervalo harmónico simple.

— Acordes: Recoñecemento auditivo de acordes maiores, menores, de 5ª aumentada, de 5ª diminuída e de 7ª de dominante no estado fundamental.

— Identificación auditiva de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadenciais, formales, tímbricos e estilísticos en obras de fácil comprensión.

c) Contidos de teoría e análise:

— Relación das claves entre sí.

— Consonancias e disonancias.

— Acordes tonais e modais.

— Cifrado dos acordes tríada (5, 6, 5ª diminuída e 7 en estado fundamental).

— Tonalidades veciñas.

— Modulación a tonos veciños.

— Fraseo.

— Cadenzas.

— Os instrumentos da orquestra sinfónica.

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

1ª AVALIACIÓN:

TEMAS 1 A 3.

TEMA 1:

A Modalidade. Idea de modalidade. O tetracordo. Modos gregos. Modos gregorianos. Escala de tons enteiros ou hexátona. Transcripción dos modos a partir doutro son.

- Estudo nº1
- Estudo nº2
- Estudo nº3

TEMA 2:

A Tonalidade. Evolución histórica. Idea de tonalidade. Estructura da tonalidade. Tonalidades modelo. Formación das escalas, armadura dunha tonalidade. Conxunto das tonalidades, armaduras practicables. Tonalidades enharmónicas. Atonalidade. Nomes que reciben a tonalidade e a modalidade noutros idiomas.

- Estudo nº4

TEMA 3:

Harmonía. Idea de harmonía. Acorde. Acordes tríada, clasificación. Estado, disposición e cifrado dos acordes tríada. Clasificación do acorde tríada que formamos en cada grao da escala no modo Maior e no menor.

- Estudo nº5

Coñecemento xeral das claves: fa en 4ª, do en 3ª, do en 4ª, do en 1ª, do en 2ª e fa en 3ª.

2ª AVALIACIÓN:

TEMAS 4 a 6.

TEMA 4:

O transporte. Utilidade do transporte. Transporte escrito e mental. Método para achar a tonalidade resultante. Método para achar a clave no transporte mental. Método para achar as diferencias correspondentes á armadura orixinal e a da tonalidade á que transportamos.

- Estudo nº6

TEMA 5:

Ritmo e métrica. Idea de ritmo, o ritmo na música. O acento. Ritmo binario e ritmo ternario. Fórmula rítmica. Monorritmia e polirritmia. Métrica, compás: a súa relación co ritmo. Acento métrico. Clasificación dos modelos rítmicos en función do seu comezo e do seu final. Tabla de compases simples e compostos, de amalgama ou asimétricos, compases irregulares.

- Estudo nº7
- Estudo nº8

TEMA 6:

A voz. Breve percorrido fisiolóxico. Clasificación e extensión das voces. A entonación, a afinación: fundamentos da entonación. Camiños para a xusta entonación, o estudo dos intervalos.

- Estudo nº9

Coñecemento xeral das claves: fa en 4ª, do en 3ª, do en 4ª, do en 1ª, do en 2ª e fa en 3ª.

3ª AVALIACIÓN:

TEMAS 7 E 8 E REPASO DE TODO O CURSO.

TEMA 7:

Instrumentos musicais. Clasificación dos instrumentos musicais. Tesitura dos instrumentos que forman a orquestra. Claves usadas en cada instrumento e o seu efecto. Instrumentos transpositores. Agrupacións instrumentais. Orquestra sinfónica. Grupos de cámara.

- Estudo nº 10
- Estudo nº 11

TEMA 8:

A forma da música. Idea de forma musical. A repetición, a imitación, a variación, o desenvolvemento como vehículo de expresión musical. Dúas formas muscais: a fuga e a sonata.

- Estudo nº 12
- Estudo nº 13

Coñecemento xeral das claves: fa en 4ª, do en 3ª, do en 4ª, do en 1ª, do en 2ª e fa en 3ª.

Nota: O material didáctico a traballar será proposcionado polo profesorado de linguaxe musical en profesional.

B. CURSO SEGUNDO

Os contidos dos cursos anteriores, e además:

a) Contidos rítmicos:

— 8/8, 9/8, 10/8.

— Todo tipo de figuracións.

— Grupos de valoración especial regulares e irregulares: 3 en 4, 4 en 3 e 5 en 3.

— Compases de valor engadido.

— Supresión da barra de compás.

— Subdivisión de compases.

— Todas as claves.

b) Contidos de entoación, audición e expresión:

— Recoñecemento auditivo de cadenzas (perfecta, plagal e rota V-VI).

— Recoñecemento auditivo das seguintes formas musicais: Suite, forma sonata, rondó, canon, fuga e variacións.

— Recoñecemento auditivo dos estilos: Renacemento, Barroco, Clásico, Romántico e Século XX.

— Utilización improvisada dos elementos da linguaxe musical con ou sen proposta previa.

— Dictado a unha voz en tonalidades con ata tres alteracións propias, coas súas dificultades rítmicas, tanto en compases simples coma nos compostos.

— Dictado a dúas voces: dúas alteracións na armadura. Alteracións accidentais do VI e do VII do modo menor.

— Cromatismos e floreos.

— Estructuras rítmicas en compases simples.

— Estructuras rítmicas en compases compostos: e seis semicorcheas por graos conxuntos.

— Cadenzas: Recoñecemento auditivo de cadenzas perfecta, plagal e rota (só V-VI).

c) Contidos de teoría e análise:

— Cualidades físicas do son.

— Sistema físico-harmónico: concepto de serie harmónica e a súa relación co acorde perfecto maior.

— Tesitura e transporte.

— Escalas cromáticas, modais e hexátonas.

— Concepto e tipo de notas de adorno.

— Coñecemento e aplicación dos signos que modifican o ataque dos sons.

— Coñecemento dos signos característicos da escritura dos instrumentos.

— Introducción ás grafías contemporáneas.

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

1ª AVALIACIÓN:

TEMAS 1 A 3.

TEMA 1:

